PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o **04 de xullo de 2019**, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao segundo trimestre do ano 2019** da:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 30.10.2019** Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro, 5 de xullo de 2019.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2156

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MAIO 2019.

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 4 de xullo de 2019 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de maio de 2019, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de maio : 3467,38 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de xullo de 2019 e o 01 de outubro de 2019.

Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 5 de xullo de 2019.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2157

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XUÑO 2019.

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 4 de xullo de 2019 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xuño de 2019, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de xuño : 3227,87 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de agosto de 2019 e o 01 de novembro de 2019.

Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 5 de xullo de 2019.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2158

SOBER

Anuncio

"BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A PRAZAS DE PERSONAL LABORAL TEMPORAL DO EXCMO. CONCELLO DE SOBER, A TRAVÉS DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACION COS CONCELLOS DA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, ANUALIDADE 2019. (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO).

PRIMEIRA.

- OBXECTO.

O obxecto destas bases específicas é a regulación dun procedemento para o acceso a prazas vacantes de personal laboral temporal, do Excmo. Concello de Sober, subvencionado a través das Bases reguladoras ano 2019 do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos, da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo; coa finalidade de levar a cabo a execución de obras, servizos e creación de emprego a través do Programa de Fomento do Emprego.

SEGUNDA.-CONTIDO MÍNIMO DE CADA CONVOCATORIA.

En cada convocatoria deberá figurar:

1º.- Denominación do posto, con referencia no caso de ser necesario á clase, rama, especialidade e demais características propias do posto.

2º.-Prazo e duración do contrato.

3º.-Requisitos, titulacións e outras condicións específicas que deben reunir os aspirantes.

4º-Data e Lugar da realización da proba de coñecementos e valoración de méritos.

5º-Data e lugar da realización da proba de coñecementos e valoración de méritos.

6º-Composición do tribunal cualificador.

7º-Prazo de presentación de instancias.

Prazas ofertadas ano 2019:

-1 praza de auxiliar administrativo, contratos de 9 meses, 75% de xornada.

-1 praza de técnico/a de turismo, contrato 8 meses, 50 % de xornada.

-1 praza de auxiliar de viticultura, contrato de 8 meses, 50 % de xornada.

-1 praza monitor/a multidisciplinar deportes, contrato de 8 meses, 50% de xornada.

-1 praza de técnico/a en informática, contrato de 9 meses, 75 % de xornada.

-1 praza de técnico-a forestal (titulado grado médio), contrato de 6 meses, 50% de xornada.

-1 praza de auxiliar de protección civil, 5 meses 50 % xornada.

TERCEIRA.-PUBLICIDADE.

Estas bases xerais serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os anúncios das convocatorias publicaranse no taboleiros de anuncios do Concello, e na páxina WEB municipal www.concellodesober.com.

CUARTA.-REQUISITOS DO PERSOAL ASPIRANTE.

Para tomar parte nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que se establezan en cada convocatoria, relativos a titulación e demais requisitos específicos que en cada caso se establezan, e presentarán a súa solicitude de participación na forma establecida no anexo I destas bases, ao que deberán acompañar copia compulsada do DNI ou documento equivalente, así como copia compulsada do título académico esixido, e demais documentación a aportar polo particular a efectos da súa valoración na fase de valoración de méritos. Tendo en conta que as persoas a contratar a través deste programa deben producir novas contratacións no concello, e polo que, a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada,.

QUINTA.-PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

En cada convocatoria deberá regularse o prazo para a presentación de instancias, que nunca será superior a dez días hábiles. Ó día seguinte ó remate do prazo establecido, publicarase na páxina web www.concellodesober.com a lista de admitidos e excluídos (motivando as razón que levaron a súa exclusión). No caso de existir solicitudes de participación excluídas otorgarase un prazo de dous días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da lista de admitidos e excluídos para a subsanación das deficiencias atopadas. Unha vez trascurrido o prazo de subsanación procederase a publicación na páxina web www.concellodesober.com da lista definitiva de admitidos. De non existir solicitudes de participación excluídas a lista publicada ó día seguinte do remate do prazo establecido para a presentación de instancias terá carácter definitivo.

SEXTA.-TRIBUNAIS CUALIFICADORES.

A selección de persoal laboral temporal para cada praza realizarase mediante un Tribunal cualificador composto por cinco membros (Presidente, secretario e tres vocais), os cales se designarán en cada convocatoria. Podendo formar parte deste tribunal, personal do Concello de Sober, da Xunta de Galicia, da Excelentísima Diputación Provincial de Lugo, ou doutros organismos públicos que cumplan a legalidade vixente para este fin. O tribunal non poderá constituirse con menos de tres membros.

SÉTIMA.-PROBAS DOS PROCEDIMENTOS SELECTIVOS.

A selección farase mediante a realización das seguintes probas:

- a) Proba de coñecementos.
- b) Valoración de méritos alegados póllos interesados.
- c) Valoración de pertenza a colectivo especial.
- d) Entrevista personal.

OITAVA.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

A) A proba de coñecementos, consistirá nun exercicio tipo test de 10 preguntas que versará sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver. **Cualificarase de 0 a 5 puntos.** Este exercicio terá carácter eliminatorio, sendo necesario para supera-lo obter un mínimo de 2,5 puntos. O tempo máximo para a realización desta proba será de 30 minutos.

B) Valoración de méritos:

Experiencia profesional:

Puntuarase con 0.10 por cada mes des servizos prestados nunha Administración Pública nun posto de iguais ou similares características.

Puntuarase con 0.05 puntos por cada mes de servizos prestados nunha empresa privada nun posto de iguais ou similares características.

Poderán alcanzarse pola experiencia profesional ata un máximo de 2 puntos. Para a puntuación dos méritos de experiencia profesional presentarase certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, ao que obrigatoriamente deberá achegarse copia compulsada de contratos ou certificados de empresa nos que consten as funcións desempeñadas. A carencia dun destes documentos implicará a non valoración dese mérito alegado.

-Formación profesional.

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, acreditados con certificación ou diploma, dacordo coa seguinte puntuación.

- Ata 20 horas de duración 0,10 puntos.
- De 21 a 50 horas de duración 0,20 puntos.
- De 51 a 100 horas de duración 0,30 puntos.
- De 101 ou mais horas de duración 0,40 puntos.

Como máximo poderán alcanzarse por formación profesional 1,5 puntos.

-Cursos de coñecemento da lingua galega expedidos ou homologados por organismos oficiais. **Ata un máximo 0,5 puntos.**

-Nivel básico ou medio: 0.25 puntos.

-Nivel superior: 0.5 puntos.

C).-Valoración da pertenza a colectivo especial:

Puntuárase con 1,5 puntos, a pertenza do candidato/a a un colectivo con dificultades de integración laboral, dacordo coa seguinte relación:

-Mulleres: 0,30 ptos.

-Maiores de 45 anos: 0,30 ptos.

-Parados de larga duración: 0,30 ptos, considerárase parado de longa duración estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou mais meses.

-Persoas con discapacidade. 0,30 ptos.

-Persoas vítimas da violencia de xénero: 0,30 ptos

D).-Entrevista persoal, versará sobre o coñecemento das aptitudes ou habilidades persoais para o desempeño do posto de traballo. Realizarase no lugar e data sinalada na convocatoria, e a súa realización terá lugar por chamamento por orden alfabético de nome e apelido dos aspirantes.

Esta entrevista valorárase cunha puntuación **máxima de 1,5 puntos**.

NOVENA.- RELACIÓN DE APROBADOS.

Rematado proceso selectivo, o tribunal levantará acta coa relación da puntuación obtida por cada aspirante, a cal se publicará na taboleiro de anuncios do Concello e na páxina WEB municipal www.concellodesober.com, acto seguido, e no prazo máximo de dous días hábiles, por Resolución de Alcaldía, declararanse superadas as probas selectivas a un total de persoas que nunca superará o total de postos de traballo ofertados, e no prazo máximo de dez días hábiles, procederase á sinatura do respectivo contrato, comezando o traballador a prestar os seus servizos no Concello de Sober.

DÉCIMA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Estas bases específicas, as convocatorias e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

DISPOSICIÓN FINAL.

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no BOP, e derogarán cantas disposicións do mesmo carácter foran aprobadas polo Concello de Sober con anterioridade á súa entrada en vigor, e en particular as "Bases xerais para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Excmo. Concello de Sober, para levar a cabo contratacións a través dos distintos convenios anuais asinados coa Excelentísima Deputación de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do programa fomento de emprego 2018.

ANEXO. I.-SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO.

I.-DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO

DENOMINACIÓN DO EMPREGO AO QUE SE OPTA.

RÉXIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

II.-DATOS PERSOAIS

PRIMER APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELEFONO:

DOMICILIO AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

Declaro responsablemente: Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, e en concreto os seguintes:

a)Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.

b)Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego ao que aspiro.

d)Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de función públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

SOLICITO: Ser admitido na presente convocatoria ao fin de participar no proceso selectivo.

Sober a _____ de _____ de 20__

Asdo_____

Sober, 10 de xullo de 2019.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2159

VIVEIRO

Anuncio

MARÍA LOUREIRO GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO

En virtude do disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Resultando que o artigo 47 do ROF, prevé que corresponde ós Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ó Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a éste para o exercizo das súas atribucións.

Resultando que o citado artigo establece que nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda, sen expresa delegación que reunirá os requisitos do artigo 44.1 e 44.2

Resultando que o artigo 44.1 e 44.2 do ROF indica que as delegacións serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía que conterá como mínimo o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercizo das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto no ROF, e que a delegación de atribucións do Alcalde surtirá efecto dende o día seguinte á súa data, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Resultando que esta Alcaldesa se vai atopar ausente, por vacacións, dende o día 15 ata o día 21 de xullo de 2019, ambos incluídos, o que lle impide poder realizar as súas atribucións no período referido.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía no 1ª Tenente de Alcalde, D. Jesús Fernández Fernández, dende o 15 ata o 21 de xullo de 2019, ambos incluídos. Esta delegación surtirá efectos dende a súa sinatura e na data indicada

SEGUNDO.- Da presente resolución darase traslado ao 1ª Tenente de Alcalde e será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

TERCEIRO.- Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Viveiro, 8 de xullo de 2019.- A ALCALDESA, María Loureiro García. Ante min, a Secretaria Xeral, M.ª Luz Balsa Rábade, aos efectos do disposto no artigo, 3.2f) Real Decreto 128/2018.

R. 2124

Anuncio

Resolución do 3 de de xullo de 2019 da Alcaldesa de Viveiro, pola que se somete a información pública, ós efectos do previsto no artigo 9 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, modificado pola Lei 5/2017 do 19 de outubro; o proxecto "Mellora das liñas de tratamento da estación depuradora de augas residuais de Viveiro. Viveiro (Lugo). Clave OH.327.680".

Pola cal; RESOLVE:

Abrir un prazo de 20 días hábiles de exposición pública do mencionado proxecto, contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro do Concello. O proxecto atoparase a disposición do público no departamento de Urbanismo e Medio Ambiente do Concello de Viveiro. As posibles alegacións presentarase durante o prazo sinalado, mediante escrito dirixido a Alcaldía.

Viveiro, 4 de xullo de 2019. A ALCALDESA. María Loureiro García.

R. 2160

XERMADE*Anuncio***Información pública aprobación inicial Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais**

Por Decreto da Alcaldía núm. 332/2019 do 2 de xullo de 2019 resolveuse:

“**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF).

Segundo.- Proceder á apertura dun período de información pública por un prazo de vinte (20) días naturais contados a partires da publicación dun anuncio no BOP, para que as persoas interesadas podan consultar o documento e presentar as alegacións e suxerencias que estimen pertinentes.

Terceiro.- Finalizado o trámite de información pública, resolveranse as alegacións presentadas; de non haber alegacións, solicitarase á Consellería do Medio Rural-Dirección Xeral de Ordenación Forestal o informe preceptivo e vinculante esixido polo artigo 16.3 da Lei 3/2007.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.”

O que se fai público para xeral coñecemento, a efectos de que as persoas interesadas podan consultar o documento na oficina técnica do Concello de Xermade, no prazo indicado.

Xermade, a 5 de xullo de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2125

XOVE*Anuncio*

Remitida ó Concello a Matrícula do IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS para o exercicio de 2.019, unha vez confeccionado pola Axencia Estatal da Administración Tributaria - Delegación de Lugo, ponse de manifesto ó público, a parte cuxa xestión corresponde a este Concello, no Departamento de Tesourería, en horario de 9 a 14,00 horas, de luns a venres, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte inclusive ó que apareza este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións.

Advírtese que a inclusión do suxeito pasivo na matrícula, así como a súa exclusión ou alteración de calquera dos datos ós que a mesma se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpor, no prazo de quince días a contar do inmediato seguinte ó da terminación do período de exposición pública da matrícula, recurso de reposición perante o xefe da Dependencia de Xestión da Axencia Estatal da Administración Tributaria de Lugo, ou reclamación económico - administrativa, no mesmo prazo, perante o Tribunal Económico - Administrativo Rexional (Secretaría Delegada de Lugo), sen que se podan interpor, asemade, ámbolos dous recursos (art. 91 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en relación co artigo 4 do Real Decreto 243/1995, de 17 de febreiro polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censal do devandito imposto).

Xove, a 10 de Xullo de 2019. O Alcalde, Asdo. José Demetrio Salgueiro Rapa

R. 2161

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DO SOCIAL N.º 1 AVILA***Anuncio*

D/Dª MARIA JESUS MARTÍN CHICO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 001 DE AVILA.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª JULIO BLAZQUEZ SAN ROMAN contra SECURIFE SISTEMAS CONTRA INCENDIO, S.L., FOGASA en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000289 /2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, citar a SECURIFE SISTEMAS CONTRA INCENDIO, S.L., en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 3/10/2019 a las 10:10 horas, en C/ RAMON Y CAJAL 1, - Sala 001, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **SECURIFE SISTEMAS CONTRA INCENDIO, S.L.**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En AVILA, a cinco de julio de dos mil diecinueve. **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 2126

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HODROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Información pública de resolución del expediente de extinción del derecho al aprovechamiento de 6 m³/s de agua del río Eo, término municipal de Trabada (Lugo), y San Tirso de Abres (Asturias), con destino a producción de energía eléctrica, Salto de Pe de Viña. Expediente H/27/02385.

Por Resolución Ministerial de fecha 11 de junio de 2019 se ha extinguido por caducidad el derecho al aprovechamiento de 6 m³/s de agua del río Eo, término municipal de Trabada (Lugo), y San Tirso de Abres (Asturias), con destino a producción de energía eléctrica, Salto de Pe de Viña. Expediente H/27/02385.

Lo que se hace público para su general conocimiento, informándose que el expediente se encuentra a disposición para su consulta en la sede de la Comisaría de Aguas de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, Plaza España, nº 2, 33071, Oviedo (Asturias).

Asimismo, conforme al artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, la documentación está a disposición de las personas que lo soliciten a través de medios electrónicos en la página web de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico.

Oviedo, 4 de julio de 2019.- El Jefe de Área, David Pérez Méndez-Castrillón.

R. 2127

Anuncio

Expediente número: A/27/22075

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Ana María Ramallal García

Nombre del río o corriente: Manantial

Caudal solicitado: 0,093 l/seg.

Punto de emplazamiento: Ferrería, parcela 1041 del polígono 6 (Santa Marta de Meilán)

Término Municipal y Provincia: Riotorto (Lugo)

Destino: Uso ganadero

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Depósito de 1,5 x 2 x 1 m. y conducción por tubería hasta explotación ganadera.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Riotorto** o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 26 de junio de 2019.- **EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES.** Pedro Granda Rodríguez.

R. 2005
